



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

2026/G010/000001

**NÚMERO 2026/1**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO , O DÍA 30 DE  
XANEIRO DE 2026**

**Srs./Sras. Asistentes:**

**Sr. Alcalde-Presidente:**

Dona Sandra Insua Rial (PSOE)

**Sres. Concelleiros:**

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Don Jesús Romar Canosa (PSOE)

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

Don Manuel Mejuto Rios (PP)

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

**Escusa ausencia**

Dona Marta M<sup>a</sup> Mouzo Pose (PP)

**Secretaria:**

Dona Eva Jardón López.

**Interventora:**

Dona M<sup>a</sup>Emilia García Maneiro



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

Na casa do Concello de Camariñas, sendo as 20:00 horas do **venres 30 de xaneiro de 2026** en primeira convocatoria e baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa Dona Sandra Insua Rial, reúnen-se os Sres./Sras. Concelleiros/as relacionados, todos eles membros do Pleno, con fin de celebrar sesión Ordinaria, asistidos da secretaria da sesión Eva Jardón López, de acordo co seguinte:

### ORDE DO DIA

#### PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

#### PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2025.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 29 de decembro de 2025.

3º.- Acordo plenario de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026.

4º.- Ratificación do Decreto núm. 56/2026, do 21 de xaneiro, de solicitude de subvención á Deputación Provincial para financiamento do investimento denominado “Proxecto básico e de execución para protección e posta en valor de cruceiro en Xaviña. Programa DP0045/2026.

5º.- Mocións de urxencia.

#### PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

6º.- Decretos da Alcaldía:

Do Decreto Nº 966/2025, de data 25 de novembro ao Decreto 77/2026, do 26 de xaneiro.

7º. Rogos e preguntas.

### ORDE DO DIA

#### PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 28 DE NOVIEMBRE DE 2025**

Ningún dos concelleiros ten observacións e procédese á votación da mesma, co seguinte resultado:



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado: APROBADA

### **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2025**

Ningún dos concelleiros ten observacións e procédese á votación da mesma, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado: APROBADA



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

### 3º.- ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2026”

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais que a continuación se transcribe:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2026

**EXPEDIENTE N°:** 2025/A008/000049

Considerando a Circular remitida a esta Administración pola Deputación provincial da Coruña relativa o POS+2026, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2026” e con cargo á “achega provincial 2025”:

#### A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	71.239,06
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	247.935,00
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>319.174,06</b>

#### B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou da subministración		Achega	IVE soportado deducible (só	Total Concello	

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

		<i>municipal</i>	<i>cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</i>		<i>total</i>
<i>Humanización das rúas Alcalde Noguera Patiño e Médico Tomás Artaza</i>	162.528,23	0,00	0,00	0,00	162.528,23
<b><i>Subtotal investimentos achega provincial 2026</i></b>	162.528,23	0,00	0,00	0,00	162.528,23

<b><i>ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)</i></b>	<b><i>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</i></b>				
	<b><i>Deputación</i></b>	<b><i>Concello</i></b>			<b><i>Orzamento total</i></b>
<b><i>Achega municipal</i></b>		<b><i>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</i></b>	<b><i>Total Concello</i></b>		
<b><i>Denominación da obra ou da subministración</i></b>					
	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b><i>Subtotal investimentos achega provincial 2025</i></b>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.*

C) Resumo:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A – GASTOS CORRENTES	Achega 2026	71.239,06				71.239,06
	Achega 2025	247.935,00				247.935,00
B - INVESTIMENTOS	Achega 2026	162.528,23	0,00	0,00	0,00	162.528,23
	Achega 2025	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
C - TOTAL	Achega 2026	233.767,29	0,00	0,00	0,00	233.767,29
	Achega 2025	247.935,00	0,00	0,00	0,00	247.935,00
	TOTAL	481.702,29	0,00	0,00	0,00	481.702,29

**Segundo.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre
----------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------	---------------------------------------------	--------------------------------------------------------

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

		<i>columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)</i>	<i>a columna A e a B)</i>
<i>Substitución mellora das características térmicas das carpinterías exteriores da Casa do Mar de Camelle</i>	45.850,00	0,00	45.850,00
<i>Reparación do pavimento na Pista a Mourín, de Camariñas. Fase I</i>	60.722,25	0,00	60.722,25
<i>Reparación do pavimento e ampliación do ancho na Pista a Mourín, de Camariñas. Fase II</i>	67.933,71	0,00	67.933,71
<i>Plan Milleira. Fase II, para a humanización e acondicionamiento dun tramo da Ronda da Milleira e Travesía Milleira de Camariñas</i>	87.555,60	0,00	87.555,60
<i>Plan Milleira. Fase III para a humanización e acondicionamiento dun tramo da Ronda da Milleira e Travesía da Fonte de Camariñas</i>	105.595,44	0,00	105.595,44
<i>Reparación do pavimento na Pista a Grixá, de Ponte do Porto</i>	69.877,28	0,00	69.877,28
<i>Reparación do pavimento na Rucheira, de Arou</i>	43.356,70	0,00	43.356,70
<i>Acondicionamiento dunha estancia para actividades culturais na Casa do Mar de Camelle</i>	37.697,31	0,00	37.697,31
<b>TOTAIS</b>	<b>518.588,29</b>	<b>0,00</b>	<b>518.588,29</b>

**Terceiro.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

*para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

**Cuarto.-** *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.*

**Quinto.-** *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

**Sexto.-** *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.*

**Sétimo.-** *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

**Oitavo.-** *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

**Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe, pola Alcaldesa D<sup>a</sup> Sandra Insua Rial<sup>a</sup>.**

A Alcaldesa toma a palabra para dicir que traen ao Pleno a planificación de investimentos do Concello de Camariñas para o vindeiro exercicio a través do Plan Único (POS+ 2026). Esta proposta foi elaborada seguindo criterios de equilibrio territorial, eficiencia técnica e responsabilidade financeira.

A proposta divídese en tres eixos principais que resumen as prioridades do goberno:

**Humanización e Mobilidade Urbana:** O proxecto estrela (Obra Base) é a humanización das rúas Alcalde Noguera Patiño e Médico Tomás Artaza, cun investimento de máis de 162.000 €. O obxectivo é transformar o centro urbano en espazos máis accesibles e modernos para o peón.

**Mellora de Infraestruturas Parroquiais:** Dentro do Plan Complementario, incluímos proxectos fundamentais para os nosos núcleos, como a reparación de pavimentos en Arou (A Rucheira), a pista a Grixa en Ponte do Porto, e dúas fases de mellora na pista a Mourín en



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

Camariñas. Tamén apostamos pola humanización na Ronda da Milleira e que separará a rede de saneamento e pluviais para evitar posibles vertidos ao mar.

Equipamentos Culturais e Eficiencia: Destacamos a intervención na Casa do Mar de Camelle, onde non só melloraremos a carpintería exterior para gañar eficiencia térmica, senón que acondicionaremos unha nova aula para actividades culturais, dando resposta a unha demanda histórica da localidade. Estes

Ademais, destinamos unha partida de case 320.000 € a Gasto Corrente, o que nos permite garantir a prestación de servizos básicos municipais sen comprometer a estabilidade orzamentaria do Concello.

En definitiva, é unha proposta de goberno pensada por e para a veciñanza, que optimiza cada euro da Deputación para seguir facendo de Camariñas un concello con mellores servizos e infraestruturas.

Dona Paula toma a palabra para dicir que eles van votar a favor e di que lamenta que un concello que está na cola da comarca en inversión, destine a gasto corrente, 320.000 euros, máis do 66%, e habendo, prioridades importantes e engade que votan a favor porque todas as obras son necesarias e moitas delas as demandaron eles, e a ver se hai sorte e se poden facer a maioría.

Don Xurxo di que esta de acordo co gasto en humanización e toda a parte de pavimentacións e sinala que algunhas outras obras poderían incorporarse aos próximos POS e insiste en que deberían facerse espazos cubertos para os rapaces e poñerlle unha cuberta aos parques infantís, polo menos algún por cada parroquia, xa que estamos vendo estes invernos larguísimos e os menos non teñen espazo onde estar, e reitera a súa petición de que se poña una cuberta na escola de Camelle.

A Alcaldesa toma a palabra para dicir que a maioría dos complementarios se poden facer e resalta que que as ventás da Casa do Mar de Camelle, a máis a aula da Casa do Mar, foron solicitados nunha subvención á Xunta de Galicia, que foron rexeitados por falta de puntuación, escoitando incluso críticas públicas por parte da oposición dicindo que este concello non sabe facer os proxectos e que agora o mesmo proxecto vaise levar ao POS. En relación con isto, dona Paula sinala que a subvención da Xunta era de concorrencia competitiva, e a nota de corte estivo nos 65 puntos. A puntuación que obtivo o proxecto do Concello de Camariñas foron 50 puntos e os outros proxectos doutros concellos que levaban máis elementos que obtiveron unha puntuación máis alta e por iso este proxecto quedou fóra.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

Iniciase un debate sobre se o proxecto estaba mal feito ou non, sobre os Concellos que levan axudas da Xunta e sobre as axudas recibidas por mor dos incendios e a veracidade dos datos contidos na memoria e se pide que conste en acta que dona Paula di que se non quixera que viñeran os cartos esforzaríase para que non viñeran, pero non é o caso e que é consciente do mesmo que sodes vós, e que outra cousa é que nos fagamos os tontos.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

**4º.- RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚM. 56/2026, DO 21 DE XANEIRO, DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA PROTECCIÓN E POSTA EN VALOR DE CRUCEIRO EN XAVIÑA. PROGRAMA DP0045/2026.**

Consta no expediente o seguinte decreto de Alcaldía

**“DECRETO DA ALCALDÍA**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

**Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA PROTECCIÓN E POSTA EN VALOR DE CRUCEIRO EN XAVIÑA”. PROGRAMA DP0045/2026.**

**EXPTE. DECRETO:** 2026/G003/000049

**EXPEDIENTE:** 2026/A008/000011

Vista a convocatoria efectuada pola Excm. Deputación Provincial do programa de subvencións a concellos para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal no ano 2026 (DP0045/2026), publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 197, do 15 de outubro de 2025, así como a Ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 185, do 29 de setembro de 2025.

Ante a necesidade de solicitar a colaboración da dita Corporación para o financiamento do investimento denominado “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA PROTECCIÓN E POSTA EN VALOR DE CRUCEIRO EN XAVIÑA”.

Examinado e achado conforme o mencionado proxecto e restante documentación que obra no expediente, polo presente

### ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de obras denominado “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA PROTECCIÓN E POSTA EN VALOR DE CRUCEIRO EN XAVIÑA”, asinado o 19.01.2026 e redactado polo arquitecto, Jorge Roura Traseira, colexiado 1910 no COAG e cuxo orzamento total ascende á cantidade de 59.943,50 €.

**Segundo.-** Solicitar á Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña unha subvención por importe de 47.954,80 € para o financiamento da citada obra, que supón un coeficiente de financiamento pola Deputación do 80,00 %.

**Terceiro.-** Autorizar á Deputación da Coruña, a levar a cabo, ante as Administracións Tributarias correspondentes, as comprobacións telemáticas necesarias para verificar que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigas tributarias, co fin de tramitar o procedemento de solicitude de subvención, así como o seu posterior seguimento e control.

**Cuarto.-** Autorizar á Deputación da Coruña., a levar a cabo, ante a Seguridade Social, as comprobacións telemáticas necesarias para verificar que a entidade que represento está ao



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, co fin de tramitar o procedemento de solicitude de subvención, así como o seu posterior seguimento e control.

**Quinto.-** Declarar que entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.

**Sexto.-** Adquirir o compromiso de utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.

**Sétimo.-** Adquirir o compromiso de empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.

**Oitavo.-** Adquirir o compromiso de dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.

**Noveno.-** Adquirir o compromiso de adecuarse á normativa xeral de contratación pública que lle sexa aplicable.

**Décimo.-** Adquirir o compromiso de comunicarlle aos servizos técnicos da Deputación, cunha antelación mínima de 15 días, a data da sinatura da acta de recepción e da acta de reformulo, co obxecto de posibilitar a asistencia.

**Undécimo.-** Adquirir o compromiso de manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de dez anos.

**Duodécimo.-** Adquirir o compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio, cando sexa necesario.

**Décimo terceiro.-** Adquirir o compromiso de que no caso de solicitar subvención para unha fase independente da obra, a entidade que represento declara que conta con financiamento suficiente para finalizar a dita fase e que será susceptible de utilización independente.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

**Décimo cuarto.-** *Manifestar que a Alcaldía queda/está expresamente facultada para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

**Décimo quinto.-** *Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre a partir da data do presente decreto, para o seu coñecemento e ratificación.*

*Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde en funcións Sergio Caamaño Fernández ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.*

A Alcaldesa explica que vaise aprobar o proxecto de obras denominado "*Proxecto básico e de execución para a protección e posta en valor do Cruceiro en Xaviña*", asinado o 19 de xaneiro e redactado polo arquitecto Jorge Roura Traseira e cuxo orzamento total ascende á cantidade de **59.943 euros**, é unha subvención que imos pedir á Deputación, que se nos ven aprobada dámos o 80%, nós temos que poñer o 20, e vamos arreglar as rúas que lindan co Cruceiro de Xaviña.

Dona Paula non toma a palabra.

Don Xurxo di que a el lle parecen ben as axudas da Deputación deste tipo porque deixan autonomía municipal de decidir a onde queres gastar o diñeiro e non están tan tuteladas por outras administracións.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

### 5º.- MOCIÓN DE URXENCIA

#### 5.1.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG RELATIVA ÁS CONSECUCIÓNS PARA A FROTA ARTESANAL GALEGA DA ENTRADA EN VIGOR DO REGULAMENTO DE CONTROL DA PESCA DA UNIÓN EUROPEA

Consta no expediente, a moción presentada polo representante do grupo municipal BNG, en data 15 de xaneiro de 2026, rexistro de entrada 202699900000048, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, procédese a lectura da moción que continuación se transcribe:

*“Don Xurxo Manuel Rodríguez Baña, portavoz do BNG no concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, posterior aprobación polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte MOCIÓN:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Regulamento de Control da Pesca da Unión Europea, identificado como Regulamento (UE) 2023/2842, foi aprobado definitivamente o 22 de novembro de 2023 e entrou en vigor o 9*

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2026/G010/000001

*de xaneiro de 2024, aplicándose de maneira progresiva desde esa data. Trátase dunha normativa que foi fortemente cuestionada polo sector pesqueiro galego, especialmente pola frota artesanal, ao non ter en conta as características específicas deste tipo de pesca.*

*O rexeitamento do sector materializouse en numerosas mobilizacións e protestas, así como no consenso acadado no Parlamento Galego, onde se aprobaron por unanimidade distintas iniciativas, entre elas varias a proposta do Grupo Parlamentario do BNG, reclamando unha adaptación desta normativa á realidade da frota de baixura.*

*A frota artesanal galega leva anos demandando un tratamento diferenciado, atendendo á singularidade da súa actividade, ao seu carácter respectuoso co medio mariño e á súa importancia económica, social e territorial nas vilas costeiras, onde contribúe de maneira decisiva á fixación de poboación, á xeración de emprego e á dinamización económica local.*

*Porén, estas especificidades non foron tidas en conta á hora de aplicar unha normativa excesivamente ríxida e desproporcionada, que incrementa a carga burocrática dun sector xa fortemente regulado. A introdución de novas obrigas materiais, como o diario electrónico, supón custos económicos adicionais e dificulta gravemente o desenvolvemento da actividade pesqueira habitual da frota artesanal.*

*O Regulamento establece a obriga de instalar cámaras a bordo en todos os buques de máis de 18 metros considerados “susceptíbeis de cometer incumprimentos”, sen definir con claridade este concepto, xerando unha situación de incerteza xeneralizada. Ademais, deixa ao criterio dos Estados membros a posibilidade de ampliar esta obriga a embarcacións de menor eslora.*

*Así mesmo, xeneralízase o uso do diario electrónico a partir de 2026 para buques de máis de 12 metros e, a partir de 2030, para embarcacións de menos de 9 metros, segmento no que se atopa a maior parte da frota artesanal galega. A partir de 2027 tamén se introducen dispositivos de control da potencia dos motores, malia que a potencia non incrementa a capacidade de pesca, xa limitada por TACs e cotas.*

*A normativa modifica e endurece o réxime de infraccións e sancións, xerando unha enorme preocupación no sector, especialmente pola incidencia directa das sancións no acceso ás axudas do FEMPA durante un período de cinco anos, mesmo con efectos retroactivos.*

*As Federacións de Confrarías denunciaron reiteradamente que non se tiveron en conta as peculiaridades das distintas artes nin dos distintos territorios, nin se habilitaron os apoios necesarios para adaptarse ás novas esixencias.*

*Desde o pasado 10 de xaneiro entraron en vigor medidas que afectan de cheo á frota artesanal galega, como a obriga de notificación previa de entrada a porto para embarcacións*



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

*de máis de 12 metros, cun prazo mínimo de catro horas, que o Ministerio de Pesca pretende reducir a dúas horas e media. Esta medida non se adapta á realidade da pesca de baixura, que faena preto da costa, con mareas curtas e condicionadas polas condicións meteorolóxicas.*

*Tamén entrou en vigor a obrigatoriedade do diario electrónico para buques de máis de 12 metros, esixindo o rexistro de todas as capturas, independentemente do seu peso, unha obriga de difícil cumprimento para moitas embarcacións que carecen de sistemas de pesada a bordo e dos medios técnicos necesarios para cumprir coas esixencias de precisión establecidas.*

*Desde comezos de ano, o sector pesqueiro galego está a manifestar o seu rexeitamento mediante concentracións, manifestacións e amarres de flota en distintas vilas costeiras, especialmente nas rías de Arousa e Pontevedra.*

*As confrarías coinciden en sinalar que estas normas están deseñadas para grandes buques e non para a realidade da frota artesanal, cunha tripulación reducida na que os propios patróns desempeñan tamén tarefas de pesca, facendo inviábel asumir unha carga burocrática tan elevada.*

*O propio Regulamento prevé a posibilidade de adaptación á realidade das distintas frotas, polo que resulta imprescindible que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación adopte criterios flexíbeis e realistas, estableza un diálogo efectivo co sector e teña en conta as súas demandas.*

*Por outra banda, a Xunta de Galiza ten competencias en augas interiores que debe exercer, podendo desenvolver plans de xestión específicos para a frota artesanal, así como artellar axudas que contribúan á súa posta en valor e á xestión sostíbel dos recursos mariños.*

*Por todo o exposto, o portavoz do BNG no concello de Camariñas propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:*

1. *Instar á Xunta de Galiza a exercer e defender as súas competencias exclusivas en materia de augas interiores, desenvolvendo normas propias de control adaptadas á realidade da frota artesanal galega.*

2. *Instar ao Goberno do Estado a que negocie coa Comisión Europea:*

a) *A exclusión da frota artesanal do ámbito de aplicación do Regulamento de Control da Pesca.*

b) *Mentres esta exclusión non sexa efectiva, a flexibilización e adaptación das medidas que entraron en vigor o pasado 10 de xaneiro ás características específicas da frota artesanal galega.*



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

c) *A aprobación inmediata dunha moratoria na aplicación destas normas, abrindo un proceso de diálogo co sector para acordar solucións realistas, entre elas:*

*A implantación dun sistema simplificado de pesada para capturas de pequeno volume, recuperando o sistema vixente ata o de agora para capturas inferiores aos 50 quilos.*

*A redución da carga burocrática derivada do diario electrónico.*

*A busca dunha alternativa realista á obriga de notificación previa de entrada a porto, reducindo ou eliminando a esixencia das dúas horas e media de antelación.*

3. *Instar ao Goberno do Estado á eliminación da retroactividade nas sancións asociadas ao Regulamento, evitando que estas impidan o acceso ás axudas do FEMPA.*

4. *Instar ás institucións competentes a incluír na vindeira revisión da Política Pesqueira Común da Unión Europea unha diferenciación clara entre pesca artesanal e pesca industrial, atendendo non só á eslora dos buques, senón tamén a criterios como a distancia aos caladoiros, a duración das mareas, o uso de artes sostíbeis ou o número máximo de tripulantes.*

Don Xurxo sinala que dado o acordo que foi posterior á presentación da moción podería matizarse o punto c) o da *busca dunha alternativa realista á obriga de notificación previa de entrada a porto, reducindo ou eliminando a esixencia das dúas horas e media de antelación*, pero que en xeral se pode manter o contido do moción, e pedir que a UE modifique o regulamento e recoñeza o que é unha frota artesanal e instar a Xunta a que exerza a súas competencias en materia de pesca e augas interiores, porque cada día está peor o sector.

A Alcaldesa sinala que a moción ten data de 15 de xaneiro e que en data 19 chegaron a un acordo e que o que debería instarse é que se leve a cabo o acordo.

Deciden votar a moción co texto tal cal se presento e dona Paula matiza que van votar a favor pero que o punto un non ten moito sentido no que respecta ao regulamento porque a practica totalidade das embarcacións artesanal con porto base en Galicia teñen licenza de pesca de artes menores do estado e a competencia do control do DEA é unha competencia do goberno do estado.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

**5.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE CAMARIÑAS SOBRE A NECESIDADE DE QUE O GOBERNO DE ESPAÑA FLEXIBILICE E ADAPTE AS OBRIGAS ESTABLECIDAS NO REGULAMENTO EUROPEO DE CONTROL DA PESCA Á REALIDADE OPERATIVA DA NOSA FROTA LITORAL E ARTESANAL**

Consta no expediente, a moción presentada polo representante do grupo municipal PP, en data 27 de xaneiro de 2026, rexistro de entrada 202699900000089, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO – BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO – BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO – BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, procédese a lectura da moción que continuación se transcribe:



*“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O coñecido como Regulamento de Control Pesqueiro (Regulamento CE n.º 1224/2009, modificado por el Regulamento UE 2023/2842) establece novas obrigas en materia de seguimento, notificación electrónica, localización e trazabilidade dixital da actividade da frota, plenamente esixibles desde o pasado 10 de xaneiro de 2026.*

*O novo e estrito marco normativo está a xerar gran malestar, especialmente entre a frota pesqueira artesanal, que opera no litoral e zonas máis próximas á costa, xa que introduce obrigas desproporcionadas que non atenden á realidade e características da actividade que desenvolve este sector.*

*A falta de preparación, planificación e adaptación normativa, administrativa e tecnolóxica por parte do Goberno de España -máis en particular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación- deriva en graves consecuencias, tales como:*

- Que numerosas embarcacións de pequena eslora non dispoñan dos equipamentos electrónicos necesarios para cumprir as novas obrigas.*
- Que unha parte significativa do sector quede exposta a sancións por incumprimentos derivados non dunha mala praxe profesional, senón da inexistencia de medios axeitados.*
- Que se produza un colapso administrativo pola implantación precipitada de sistemas dixitais complexos.*
- Que as comunidades pesqueiras máis vulnerables sufran os maiores impactos ao non poder asumir nin os custos nin as dificultades técnicas da adaptación.*

*Estas circunstancias supoñen un risco real para a continuidade da actividade da nosa frota pesqueira, para a seguridade xurídica do sector e para a igualdade competitiva respecto das frota doutros Estados membros que se adaptaron ás novas obrigas.*

*Entre os aspectos que máis preocupación están a xerar no sector pesqueiro galego destacan, entre outros, os seguintes:*

- A implantación do sistema de seguimento electrónico (ERS – diario electrónico de bordo) para todos os buques de eslora igual ou superior a 12 metros. No caso dos buques de menos de 12 metros, a súa aplicación é progresiva, podendo o Estado membro atrasala ata*



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

2028 se xustifica a inexistencia de dispositivos axeitados para embarcacións de pequena eslora.

- O rexistro electrónico de capturas (caderno dixital de pesca) obrigatorio para os buques de máis de 12 metros, e condicionado nos de menos de 12 metros á dispoñibilidade de medios técnicos determinados polo Estado membro.

- A notificación previa de entrada en porto, incluído o aviso previo para o desembarque, cun prazo que pode oscilar entre unha e catro horas segundo o tipo de pesqueira e de porto. Esta obriga afecta a todos os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando leven capturas de especies con obriga de desembarque ou suxeitas a TACs.

- A declaración de desembarque electrónica, obrigatoria para os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando descarguen especies suxeitas a cota ou cando así o determine o Estado membro.

- A trazabilidade dixital obrigatoria desde a primeira venda ata o destino final, que obriga tamén ás embarcacións de menos de 12 metros a facilitar información dixital das capturas, o que supón unha dificultade engadida para pequenos barcos sen conectividade suficiente.

- A posta en marcha do sistema CATCH, relativo á certificación dixital das importacións fronte á pesca (INDNR), que debe estar plenamente operativo en xaneiro para evitar un colapso administrativo.

- O peso obrigatorio das capturas antes da primeira venda, con posibles excepcións para buques menores de 12 metros, segundo a especie e o destino de comercialización.

- O reforzo do control da pesca recreativa, mediante rexistro e declaración electrónica para especies suxeitas a TACs ou con obriga de desembarque, especialmente atún vermello, peixe espada e túnidos tropicais, con impacto directo nas confrarías e nas comunidades costeiras galegas onde conviven a pesca profesional e a recreativa.

Con todo, hai unha realidade que os actuais responsables ministeriais e do Goberno de España parecen ocultar ou, polo menos, non están aproveitando nos seus xustos termos, como é o feito de que o propio Regulamento europeo prevé a necesidade de aplicar as novas obrigacións de forma proporcionada, permitindo aos Estados membros da Unión Europea - entre eles o Reino de España- introducir flexibilidades cando iso non comprometa a eficacia do control.

No noso país unha parte moi significativa da frota opera no litoral, en zonas moi próximas á costa, con mareas de curta duración e desembarques frecuentes nos mesmos portos



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2026/G010/000001

*requiriría desta flexibilización das obrigas. Así mesmo, a frota artesanal caracterízase por ser mutiespecífica, capturando un elevado número de especies en cantidades reducidas, moitas delas sen relevancia desde o punto de vista da xestión de cotas ou do impacto biolóxico. Ningunha destas características serviu para que o Goberno de España adoptase medidas de adaptación ou flexibilización das novas obrigas, pese a que a normativa europea así o permite.*

*Cómpre en consecuencia evitar que se consoliden factores que dificulten aínda máis a xa de por si difícil actividade pesqueira da frota galega ou que xere unha carga administrativa desproporcionada para este segmento da frota, sen que iso achegue un valor engadido significativo ao control pesqueiro. Esta situación afecta negativamente á viabilidade económica das distintas pesquerías, á seguridade na mar e ao mantemento do tecido social e produtivo das zonas costeiras.*

*Convén lembrar, ademais, que tanto as Cortes Xerais como o Parlamento de Galicia, diversos concellos, confrarías e múltiples organizacións pesqueiras, xa trasladaron esta mesma demanda, requirindo ao Goberno de España a analizar e impulsar as medidas de flexibilización, exencións e simplificacións xa previstas no Regulamento. Iniciativas que contaron co respaldo maioritario dos grupos políticos, incluído, curiosamente, a do Grupo Socialista que forma parte do mesmo Goberno de España que permanece pasivo ante as demandas do sector.*

*De feito, a pesar de devandito mandato, ata a data non se produciu ningún avance efectivo nin se adoptaron medidas concretas para trasladar á practica as posibilidades de adaptación que ofrece a normativa europea, manténdose unha aplicación ríxida do réxime de control que o propio Regulamento permite modular.*

*Por todo iso, resulta necesario reiterar esta demanda instando o Goberno de España a abandonar a súa posición de pasividade e oídos xordos ante as demandas do sector, e requirirlle con total contundencia que faga uso efectivo das posibilidades que ofrece a normativa europea para aplicar un réxime de control máis flexible e adaptado á realidade operativa da frota litoral e artesanal, contribuíndo así a súa sustentabilidade económica e social e ao cumprimento equilibrado dos obxectivos da política pesqueira común.*

**Polo exposto, solicitamos, a adopción do seguinte ACORDO:**



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2026/G010/000001

*“O Pleno da Corporación Municipal de Camariñas insta ao Goberno de España a:*

*1º.- Aplicar a flexibilidade prevista no Regulamento europeo de Control da Pesca en materia de notificación previa de chegada a porto, excluindo do prazo de preaviso a aqueles buques pesqueiros que operan habitualmente en zonas próximas á costa do litoral español, sempre que non se vexa afectada a capacidade de control e inspección.*

*2º.- Establecer, para a frota artesanal multiespecífica que opera no litoral, un réxime simplificado de rexistro de capturas, que permita excluír da obrigaón de consignación individualizada daquelas especies cuxa captura sexa inferior a un limiar mínimo, como 50 kgs, por marea, sen prexuízo do rexistro completo das especies principais.*

*3º.- Definir criterios obxectivos e transparentes (tipo de frota, proximidade ao porto, duración da marea, carácter multiespecífico da pesqueira) para a aplicación destas medidas de flexibilidade, garantindo en todo momento a rastrexabilidade global das capturas e o cumprimento da normativa de control.*

*4º. Impulsar, no ámbito da Unión Europea, unha interpretación harmonizada ou unha adaptación normativa do réxime de control que teña en conta as especificidades da pesca artesanal multiespecífica, evitando cargas administrativas desproporcionadas e favorecendo a sustentabilidade social e económica do sector.*

*5º.- Facer unha análise que detalle a situación real do sector pesqueiro respecto ao grao de implantación dos sistemas electrónicos de seguimento, notificación e trazabilidade esixidos polo Regulamento europeo de Control da Pesca, identificando de maneira específica os segmentos da frota, especialmente a pesca costeira artesanal, que non están en condicións de cumprir as novas obrigas.*

*Así mesmo, darase conta do presente acordo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia.”*

A Alcadesa sinala o goberno non fixo oídos sordos, porque chegou a un acordo coas confradías e di que nas mocións non se di nada, pero que habería que recordar que hai que instar a Unión Europea que o goberna o PP.

Don Xurxo di que parece que a UE é un ente que está aí e manda unhas cousas, e a Unión Europea está gobernada polo que votamos todos os europeos, e está gobernada dende hai bastantes polo PP, e o PP non presentou nin unha emenda ao texto. Dona Paula di que o PP presento 108 emendas no Parlamento Europeo e conseguiu as medidas de flexibilización e cada



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

país pode modular en base as características da súa frota e en febreiro de 2024 o goberno da Xunta presentou 23 alegacións para que se adaptara a norma a nosa frota e non se fixo e o 10 de xaneiro se aplico a norma como estaba.

Iniciase un debate sobre quen goberna na comisión europea e no goberno de España.

A Alcaldesa pide que se modifique a moción para engadir que se inste á Comisión Europea, gobernada polo PP, a que tome en conta os acordos de esta moción.

Finalmente deciden votar a moción sen modificacións e non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

### **PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO**

#### **6º.- DECRETOS DE ALCALDÍA**

Dáse conta dos decretos de Alcaldía, dende o Decreto 966/2025, de data 25 de novembro ao Decreto 77/2026, do 26 de xaneiro.

#### **7º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Dona Paula formula os seguintes **rogos**:

- Que se colguen as actas dos plenos.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

- Que se arranxe o firme da ponte de Ponte de Porto.
- Que se revise o alumado da zona da Reja, encende de noite pero cando se levantan algúns días que non hai luz.
- Que se reparen baldosas en Camelle.
- Que se arranxe a estrada da Lagou, de Camelle a Arou, que é moi transitada.
- Que se arranxan as barandillas e as beirarrúas na estrada do Castillo.
- Que se lles facilite un desglose dos gastos da asistencia a FITUR.
- Que se considere a proposta da Xunta para o servizo SIMO.

Don Xurxo formula os seguintes **rogos**:

- Que se arranxe a rúa da Fonte e Sofia Rivas. A Alcaldesa di que Sofia Rivas xa se iniciou a contratación.
- Que se faga a cuberta do parque da escola infantil de Camelle.

Dona Paula, formula as seguintes **preguntas**:

- Hai data para a presentación dos orzamentos deste ano? A Alcaldesa di que non vai dar datas, que están listos, pero hai que darlles forma.
- Vos plantexades solicitar un punto limpo móbil coa liña de subvencións da Xunta? A Alcaldesa di que se está traballando con Muxía e Vimianzo sobre ese tema. Don Sergio di que esas subvencións se destinaron outros anos a autocompostaxe e que agora se esta a facer un estudo para analizar a dirección a tomar, xa que moitos concellos non están contentos cos seus puntos limpos e dona Paula pide que se lle deixe ver o estudo cando este feito.
- No anterior pleno se comentaron os problemas da sinal de televisión e quere saber se actúo o departamento técnico. Don Sergio contesta que se chamou aos xestores de antenas de e dixeron que se abrirá un nodo de telefonía móbil e iso podía afectar á sinal de TDT. Publicamos no Facebook un número para que a xente chamase para que lles puxeran un filtro e como aínda había casas nas que non se solucionou o problema mandouse una incidencia e dixeron que podía haber un problema na antena de Xaviña. Iniciase unha conversación entre os concelleiros sobre os canles que poder ver nas súas casas.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

- Hai queixas sobre o estado dos camiños despois da tala de pinos, que hai da ordenanza? A Alcaldesa di que hai varias propostas, pero por agora non se vai a aprobar, e don Sergio contesta que se puxo en coñecemento do distrito forestal que autoriza as talas.

- Factura de recollida de voluminosos, cantos viaxes son ao mes, son catro? A Alcaldesa di que hai meses que son moitos mais. Don Sergio explica como se xestiona o servizo, a través de citas e cando hai moita demora se chama para un viaxe mais. Don Manuel di que se poden dicir os viaxes do mes de decembro e dona Paula di que pedindo a factura viran detallados.

- Cal é a situación da cuberta do Museo de Man? A Alcaldesa di que non atopa unha empresa para realizar o arranxo e di que a terraza e o tramo que falta no paseo que é de formigón impreso, esta pendente de que veñan dous ou tres días bos para facelo. Os Concelleiros comentan o problema de que se levantou o tramo do paseo e despois quedou parado e o estado no que se atopa, porque hai tornillos. A Alcaldesa di que por aí non se pode ir.

- Hai unha colonia de gatos en Santa Mariña para castrar, quedan en falar e facilitar o teléfono para o aviso.

Don Juan Carlos formula a seguinte **pregunta**:

- O alumado dende o Rosquilleiro cara arriba ás veces aluma e outras veces non aluma e os nenos ás veces cando van para o instituto van ás escuras. A Alcaldesa di que hai máis de 30 farois que o día da tormenta quedou fulminado e Manolo non dá feito e os farois están descontroladísimas.

Don Xurxo formula as seguintes **preguntas**:

- O camiión que anda limpando as os sumidoiros tedes previsto que limpe todas ou como se vai a facer? A Alcaldesa contesta que depende, que ás veces as propias barrendeiras límpo e se hai atasco chaman a Manolito, non hai unha limpeza concreta, depende da situación.

- A que se refire a factura que pon “*corte de higuera en finca de la madre de Pichurri en Barrosa*”? A Alcaldesa contesta a figueira non era da nai de Pichurri, estaba xusto en fronte. No camiño que vai desde a casa da nai de Pichurri ata as Barrosas, hai unha figueira que sobresa para o camiño e foi a que se cortou.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2026/G010/000001

- Por que foi o cambio da composición da Xunta de Goberno Local? A Alcaldesa explica Fabián asumiu a dirección do colexio de Vimianzo e estalle custando asistir ás Xuntas de Goberno e pregunta se vai seguir de presidente das Comisións, e Alcaldesa contesta que si.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 21:07 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello Eva Jardón López, co visto e prace da Alcaldesa Sandra Insua Rial